

Andrés o Carballeira, un herexe en Betanzos

Por SIRO LOPEZ LORENZO

Durante algún tempo, o nome de Betanzos non tivo pra min outro significado que o dunha vella estación de ferrocarril, onde tiña que parar pra “facer o cruce” o tren que saía de Ferrol. Contaría sete ou oito anos cando un domingo de feira me levaron meus pais a visitar a vila, e xa daquela engaioloume a beleza sinxela das suas prazas, o conxunto armónico das eirexas, das ruas empinadas... Porén, tardei en voltar e aquelas imaxes das que tanto gostara, mesturáronse na miña maxinación pra arranxar un conxunto inexistente con Santa María do Azogue, as casas de soportais e galerías, e as xentes que vira ir e vir pola Praza do Campo.

Agora vou a Betanzos sempre que poido, e fico prendido na dozura da paisaxe, no engado do conxunto arquitectónico, no ambiente galego da cidade...

Vou a Betanzos por gorentarme coa ledicia das festas populares, ou co silencio lene das tardes vagarosas; por regalarme co románico e as pedras históricas, ou abraíarme coa extraordinaria xenerosidade dos irmáns García Naveiras, que, como tantos outros galegos de fortuna, voltaron ao seu lugar de orixe pra demostraren que “a cubiza e o individualismo” son dúas chatas inxustamente relacionadas coa condición galega.

Don Arsenio, o meu primeiro mestre —de quen sempre gardarei a máis grata lembranza por aquel seu xeito de depren-dernos, que todo semellaba unha carga levían—, adoitaba falarnos do fenómeno da emigración galega:

—“Galicia foi o Finisterra² romano, porque está no recanto máis occidental de Europa e a partires dela, a mar.

Mais en verdade, a mar de Galicia en nada a limita, que ven a ser lugar de todos camiños aldeáns que parecen non ir a ningures.

A mar foi o vieiro amigo, aberto e amplo pra milleiros e milleiros de galegos que o sulcaron confiados, fuxindo da la-ceira...”

Razón tiña don Arsenio, que poucas son as familias galegas nas que non haxa un emigrante. Na miña houbo varios e con sorte diversa. Houbo quen emigrou con oito pesos e voltou con catro, e quen fixo capital dabondo pra vivir das rendas; houbo quen ficou aló pra sempre, e quen tornou cabo de catro meses...

Emigrante ás Américas foi o meu tío Andrés o Carballeira, que naceu e viviu —agás os anos que pasara en Cuba— nunha aldea pequecha do concello de Monfero, e que xamais deixou de baixar os 1 e 16 de cada mes á feira de Betanzos.

Figuración do Setecentos dos Cabaleiros, nada no meu



Vales Vilhamarín
cordial de don Francisco

maxim de novo, e hoxe re-creada en lembranza

Andrés o Carballeira non veu rico, pero trouxo cartos dabondo pra vivir até o fin dos seus días sin ser feixe de ninguén.

Solteirón, de grandísimos bigodes queimados polo fume do pito que tiña sempre nos beizos, levaba chapeu ao nesgo, chaleco de leontina, e un bastón de xunco con puño de marfil.

Andrés o Carballeira veu feito un he-rexe e andaba sempre botando pestes contra da xerarquía eclesiástica e contra “da beatería fanática que mantiña ao país na probeza e na ñorancia”.

De tantas veces que foi a Betanzos, falta a primeira que entrara nunha eirexa, e cando a alguén se lle ocurría falarlle da arte que gardaban aquelas pedras vedreiras, Andrés o Carballeira escorren-tábao decontado ao respostarlle que darían moi bon “morrillo” pra trocar en estradas as corredoiras “*deste país esfameado, no que non hai máis que fábricas de incienso e cera.*”

Sí, o ateísmo e o anticlericalismo do meu tío Andrés o Carballeira tiña arrepiada á xente. Mais velahí que a pesares da sua xenreira a todo canto cheirase a eirexa, mantiña boísimas relacións con don Evaristo, o párroco.

Don Evaristo era xa vello cando Andrés o Carballeira voltou das Américas. Era un home pequeno, miudo e calvo, que

andaba a grandes alancadas. Gostaba de parolar cos veciños e levábase ben con todos.

Don Evaristo e meu tío Andrés fixeran boas migas porque os dous tiñan as mesmas debilidades: o xogo de cartas e o café.

Xogaban deica as tantas da noite e mentras duraba o xogo, tiñan no lume o pote pra botaren un cunco entre partida e partida.

Ocurríu que no ano 1932, por algún atranco no comercio exterior do goberno da república, durante algúns meses faltou o café en España. Don Evaristo e Andrés de Carballeira non tiñan acougo. Sin café nin o xogo lles aproveitaba...

Tanto chegou a ser o seu desespero, que un día decidiron ferver auga cunha manchea de carolos de eucalipto, e arro-medar coaquela brebaxe o arelado café.

Fixérono así, e cando encheron os cun-cos co líquido escuro e recendente, o crego recuou sin querer probalo. Meu tío Andrés o Carballeira ollouno un intre en silencio, churripiou o primeiro gro'lo, paladeouno devagariño, e rosmou con voz queda pero rexa:

—*¡Queira Deus que don Manuel Azaña non o tome millor!*

E seguíu bebendo a gulapos até valeir-ar o cunco.



Vales Villamarín por Alfredo Erias

Erias
11-VI-1981